



“Na esfera do privado, dos afectos, é onde está a pedra angular do patriarcado”

[Montse Dopico](#) 22 de xuño de 2014

<https://praza.gal/cultura/Ina-esfera-do-privado-dos-afectos-e-onde-esta-a-pedra-angular-do-patriarcador>

O xornalismo de guerra cae, demasiadas veces, na retórica do heroe branco e occidental que arrisca a súa vida para salvar os demais. Nunha visión neocolonial que esquece os e as verdadeiras protagonistas das historias. Contra ese tipo de narrativa rebélase Saínza, a personaxe principal de *Desde o conflito*, a novela coa que María Reimóndez gañou o XXXI premio Xerais. O proceso de evolución de Saínza, no profesional mais tamén no íntimo, é o miolo deste libro. Porque acadar a propia autonomía tamén supón revisar a esfera dos afectos, pois, segundo explica a autora, “seguimos vivindo presas de dependencias, dos moldes que nos oprimen. E iso non se cuestiona porque queda agochado debaixo do falso discurso da igualdade”. Falamos con ela desta obra.

***Desde o conflito* forma parte dun ciclo de novelas que comeza con *En vías de extinción*. Aínda que a relación entre *Dende o conflito* e *En vías* non se ve. Cal é?**

En *En vías de extinción*, Gaia, que é tradutora e intérprete, vai unha vez interpretar a un curso e alí atopa outras dúas lucenses coma ela. Unha delas é Aurora, que é xornalista. É un personaxe anecdótico, en *En vías de extinción*. Por iso resulta imposible conectar as dúas novelas se ninguén o explica. En realidade estaba previsto que se publicase agora a segunda entrega do ciclo, *A música dos seres vivos*, que desenvolve a historia da cantante MK. Mais co premio Xerais cambiouse a orde, a vai saír antes *Desde o conflito*. Ademais, faltan aínda máis libros do ciclo. O seguinte, despois deste terceiro, será o que desenvolva a historia de Aurora. Cada unha destas novelas pode lerse de maneira independente, mais se se len todas terase unha visión máis complexa de todo. Hai novelas máis e menos vinculadas entre si. Mais, claro, o que se fixa nunha sobre un dos personaxes afecta ás outras.

Un dos aspectos que valorou o xurado é a estrutura do libro. Construído con fragmentos: narración, cartas, crónicas xornalísticas... mais moi ben fiado.

Son relatos xornalísticos de Saínza, anacos dos libros que escribe, ou retransmisións para a BBC, ou as cartas que se escribe con Aurora, máis a narración dela, máis textos doutras xornalistas... Aínda que é máis liñal que *En vías de extinción*, malia esa estrutura multitextual. O tratamento do tempo era máis complexo en *En vías de extinción*. En *Desde o conflito* a liña temporal é máis clara e correspóndese coa liña de evolución da personaxe, Saínza.

A evolución de Saínza é, en realidade, o miolo da historia. Ela loita por superar as dependencias emocionais impostas, aprendidas. Por ser quen quere ser.

Desde o conflito é, claramente, unha novela de evolución de personaxe, no aspecto íntimo e no profesional. Saínza é xornalista de guerra. É unha persoa cunha experiencia de vida moi extrema, que traballa en situacións de perigo e iso axúdalle a priorizar, a ver o que é importante na vida. Non ten tempo que perder con cousas superficiais nin con relacións presas de convencións sociais. Hai unha imaxe moi estendida de que as mulleres que teñen unha independencia, unha autonomía profesional, xa teñen alcanzadas unha serie de metas. Pero a verdade é que, na parte dos afectos, seguimos vivindo presas de dependencias, dos moldes que nos oprimen. E iso non se cuestiona porque queda agochado debaixo do falso discurso da igualdade. Porque na esfera do privado, dos afectos, é onde está a pedra angular do patriarcado. Por iso Saínza ten que enfrontarse a si mesma, á súa propia maneira de relacionarse: coas amizades, coas parellas...

A novela rexeita a narrativa do reporteiro como o heroe branco salvador. Non quere paternalismo, nin cinismo, nin derrotismo. É o que percibes no xornalismo de guerra?

A min horrorízame ver como, en nome dunha profesión, se perpetúan esquemas eurocéntricos, androcéntricos, cunha retórica alicerzada no colonialismo. En ningún momento se preguntan quen debe contar a historia, quen debe ser protagonista. É unha forma de neocolonialismo. Resultoume moi duro ver, por exemplo, o tratamento da tsunami da India, tamén pola miña relación afectiva co lugar. Eu estaba abraida coas noticias que chegaban. Porque non podías escoitar a ningunha persoa de alí, nin sequera aos membros do goberno. Foi un auténtico shock. O mesmo pasa en Iraq, en Afganistán... E o que pasa é que xa nos habituamos a ese tipo de mediación, na que ademais parece que só é importante unha catástrofe cando morren españois.

Cando as persoas están desposuídas, cando quedaron sen nada a consecuencia dunha guerra, dun terremoto ou do que sexa, desposuídas tamén da palabra é un xeito de violencia engadido. E isto pasa no xornalismo de guerra e na axuda humanitaria e en todas as situacións nas que os occidentais van de salvadores. O de xornalista de guerra é un traballo fundamental, como a cooperación, pero a cuestión é como se fai. Porque é necesario rachar con esa maneira de contar tan masculina, tan patriarcal e tan e tan colonial. O mesmo pasa coa narración da historia. Cando nos explicaban a guerra civil ou a II Guerra Mundial, ata hai pouco parecía que só había un discurso masculino de heroes e batallas. Ata época recente non se comezou a recuperar a historia da poboación civil.

Isto fixo, por exemplo, que a retórica adquirida para lugares como Galicia fose que aquí "non houbo enfrontamento militar", ou sexa, que non houbo "guerra", cando o que aconteceu en Galicia na Guerra Civil foi un auténtico xenocidio. Ao narrar a guerra só mediante as "contendas" a experiencia traumática dun pobo que viu como asasinaban a mulleres e homes polas súas ideas quedou aínda máis silenciada ca o resto. Noutras latitudes isto agrávase co discurso colonial. Mentres non se rompa con ese discurso neocolonial e patriarcal, non se poderá non só determinar cales poderían ser as saídas dos conflitos, senón tampouco comprender e prever a súa orixe.

Saínza vai reflexionando sobre iso ao longo da novela. A mudanza fundamental é cando decide ir a Etiopía para escribir un libro e falar do que ve, pero desde dentro. Por que dis que as mulleres escriben sobre a guerra dunha forma distinta aos homes?

Ese é o punto no que Saínza empeza a reconsiderar se a súa visión de reporteira de guerra non estará a ocultar outras guerras menos visibles, menos espectaculares para o consumo occidental do sufrimento alleo, como a fame. Saínza escribe desde un punto de vista radicalmente oposto ao habitual, porque é partícipe da realidade que describe. Porque renuncia aos seus privilexios de xornalista occidental. Tamén porque é unha personaxe que está sempre a buscar os seus propios límites, sempre en tensión consigo mesma, poñéndose a proba.

O que digo sobre as xornalistas de guerra non o digo eu soa, está estudado. Mais vino claro á hora de documentarme. A maneira de autorrepresentarse das mulleres é distinta. Ves, por exemplo, como Marie Colvin falaba da súa profesión, e como falan os homes, e as diferencias son evidentes. O mesmo pasa cos textos de Sofía Casanova. E eu creo que é así porque a túa propia posición na sociedade, como muller, é distinta e isto abre portas a interpretar e narrar doutra maneira, o cal non quere dicir que sexa automático por ser muller, senón que é unha posibilidade que pode usarse dende a reflexión propia. As túas alianzas son máis complexas, xa de partida. As mulleres inscribíense no que escriben, están presentes nos seus propios textos. E iso tamén é unha forma de rebeldía contra o discurso herdado da “neutralidade” e a “distancia”. É unha forma de escribir moito máis honesta, que explicita a posición desde a que se fala.

O libro contén tamén unha reflexión sobre a guerra como algo que está durmido nas nosas sociedades. Por que?

Porque as persoas que viven nunha aparente paz moitas veces non reflexionan sobre o fácil que é que comece un conflito. Hai unha violencia subxacente, contra as mulleres, contra as persoas diferentes,... que amosa unhas tensións que en calquera momento poden estoupar. É fácil velo co caso de Ucraína. Parece moi sorprendente que estale un conflito de tal magnitude en Europa. Pero non o é. Están a aumentar as desigualdades, o pensamento fascista, os extremismos, a violencia do Estado... Así, a guerra está máis perto do que pensamos. No Estado español está a alimentarse o discurso misóxino, homófobo, fundamentalista católico, contra a estranxeira, contra a diversidade cultural e lingüística... E todo isto é un caldo de cultivo perigoso. Son discursos que temos que combater no día a día. Primeiro, falando. E non só falando. Pero se calamos estamos cedendo ante eles.

É interesante o personaxe de Max, unha das parellas de Saínza. Segundo o define a protagonista, é a encarnación da ética dos coidados, mais sen paternalismos.

Max encarna tamén esa contradición entre o público e o privado da que falabamos antes. Traballa na industria armamentística, algo que está en contradición directa cos valores e vida de Saínza, pero no privado ofrécelle un lugar de descanso no que se sente aceptada e libre das marcas preescritas. Un espazo que ela poderá redescubrir despois porque xa leva consigo a experiencia de estar con alguén que non pretende domesticala, nin encaixala nas súas expectativas. Alguén que lle ofrece un espazo de aceptación, no que pode ser quen é. Encarna a ética dos coidados no sentido de que se preocupa do benestar dela, sen que iso entre en conflito co benestar propio, claro. Despois, ela atopa iso mesmo noutro marco. Porque socialmente fannos pensar que iso só se pode atopar nunha relación de parella.

Saínza sofre distintas formas de violencia. En occidente e fóra. Non son cousas que pasen só en países afastados. Era a idea?

É o que falabamos antes de que, moitas veces, pensamos que iso da guerra só pode pasar lonxe de nós, en países cheos de bárbaros. É o discurso das “guerras tribais”, dos africanos que “se matan” porque son así... Porque cando non se vai ás raíces do conflito, que se atopa no colonialismo, o que queda son os tópicos. Pasou en Ruanda, no Congo, en Afganistán e Iraq, pasa en Ucraína... O fondo dos conflitos é a obtención de recursos. No caso de Ucraína, o gas. Europa non quere intervir porque subirían os prezos do gas e importa máis ter gas para a nosa comodidade que que morra xente. Pois o mesmo ocorre coa violencia de xénero. A posición das mulleres é máis complexa no sentido de que experimentamos a violencia nas nosas propias sociedades. Non nos fai falta ir a outro sitio. Que te violen, que batan en ti, que te acosen sexualmente, pode pasarche en calquera lugar. E iso, independentemente do teu perfil profesional. Por moi privilexiada que sexas noutros aspectos, niso estás no mesmo saco.

Un dos temas que saen no libro é o da diglosia, contra o que Gaia, a protagonista de *En vías de extinción*, se enfrontaba. Saínza é galega e traballa para medios ingleses, mais leva consigo a reflexión sobre cuestións coma estas.

Se unha nace nun lugar onde hai unha situación de desigualdade e inxustiza arredor da lingua vai levar iso consigo onde vaia. Non é que Saínza sexa moi consciente dese tema tampouco. Mais decátase de que experiencias que tivo no seu lugar de orixe poden valerlle para entender o que ocorre noutros lugares. Oposta a ela niso é Aurora. Se asumes outra serie de valores tamén os vas levar contigo. Ese é un dos motivos, tamén, polos que se produce a ruptura entre elas. O pai de Saínza é nacionalista. Aínda que tamén hai contradicións na súa familia. A avoa é de Fraga. Saínza vive o tema da lingua con normalidade, porque para ela é algo dado. Mais decátase de que arredor non hai esa normalidade.

Parte do libro son crónicas xornalísticas escritas en distintos lugares do mundo. A maioría deles, ademais, coñécelos.

Son bastante maniática coa documentación. Non me gusta falar do que descoñezo. A novela vai facendo un percorrido por distintos conflitos e, claro, é máis fácil falar dos lugares que coñezo, polo traballo de cooperación que fago. Iso permíteche tamén ter un maior coñecemento das circunstancias sociopolíticas do lugar e entender mellor o que pasa. Dos sitios que cito, os únicos que non coñezo son Iraq e Afganistán e Sri Lanka, aínda que a miña convivencia co pobo támil na India fai que sinta ese conflito como propio dende hai moito tempo..

Hai algunha razón especial para que escolleses, como protagonista, unha xornalista?

Unha ten que ver co resto do ciclo. Aurora era xornalista en *En vías de extinción*, e Saínza é a súa amiga desde a infancia, mais percorre un camiño paralelo e ao tempo totalmente distinto. A outra razón é que me interesan as personaxes que realizan unha función de mediación, como Gaia, que é tradutora e intérprete. A mediación é un acto sumamente político. Cando tes que explicar, contar, estás a realizar un acto político. E a cuestión é cal é a posición que adoptas á hora de contar.

No acto de entrega do premio lembraches que, nas XXI edicións do Xerais, só gañaran oito mulleres contándote a ti, e aínda menos tendo unha muller como protagonista.

Se o dixese noutro contexto podería entenderse como unha perrencha. Por iso interesábame aproveitar o lugar, a ocasión, para falar de que hai un problema de consideración do que ten ou non valor literario. É verdade que nos últimos anos houbo unha evolución, que agora gañan premios máis mulleres. Pero é que cando gañan dúas mulleres, xa se fala de que son moitas, e

non é así. O relevante, alén das cifras, é que o que as decisións dos xurados dos premios deixan entrever. Hai un problema de raíz, que é como se conceptualiza o valor literario, o que se considera libros premiados, os tipos de historias, de personaxes. Tendemos a facer xuízos sobre se a novela a escribiu un home ou unha muller, xa antes de abrir a plica. E o problema é o valor que a iso se lle dá. Eu estou con certa frecuencia en xurados e sei como funcionan dende dentro, por exemplo unha vez un membro dun xurado pretendía descualificar unha obra porque tiña unha voz feminina “moi marcada”. Porque aprendemos a ler e a escribir segundo modelos masculinos. Por iso hai un número moito menor de mulleres que levan premios. É outro teito de cristal que temos.

Tamén agradeciches, na entrega de premios, que o lector e a lectora che deixase incomodado. Por que? Na novela repites que a nosa comodidade é a pobreza e a guerra doutras persoas.

A incomodidade é un concepto que me interesa. Porque creo que para cambiar de posición temos que sentir incomodidade. E a literatura ten un papel importante que cumprir na creación desa incomodidade. Diante dela, temos dúas opcións. Ou ir á raíz, buscar unha posición ética, ou ignorala, atacar e neutralizar a quen a provoca, como fan os homes de esquerdas cando lles din que son machistas. Se non sentimos incomodidade non vamos facer ningún esforzo por cambiar nós nin por transformar a realidade.